

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1310K3	<i>Expediente</i> CON/26/2018	<i>Fecha</i> 12-03-19 13:17

Número 13 .- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á declarar deserta a licitación do servizo para implementación do programa municipal de apoio para inclusión social.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

13 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE POLÍTICAS SOCIAIS RELATIVA Á DECLARAR DESERTA A LICITACIÓN DO SERVIZO PARA IMPLEMENTACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE APOIO PARA INCLUSIÓN SOCIAL.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, así como do informe favorable n° 93/2019, da xefe de sección de Intervención que conta co conforme do Interventor, de data 28 de febreiro de 2019.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Concepción Fernández Fernández, concelleira delegada de políticas sociais, diversidade, saúde e centros cívicos, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Servizo para implementación do programa municipal de apoio para inclusión social", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 99/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

Documento	Expediente	Fecha
CMG1310K3	CON/26/2018	12-03-19 13:17

Con data 30 de outubro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se leva a cabo a apertura dos sobres que conteñen as propostas técnicas das dúas empresas presentadas á licitación: OBINSO, OBRAS PARA INTEGRACIÓN SOCIAL e OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL.

Con data 12 de decembro seguinte, réunese de novo a mesa coa finalidade de examinar o informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os proxectos técnicos de servizo presentados, que conclúe que as dúas propostas resultan inadmisibles, por conter claros incumprimentos dos pregos de aplicación, polo que se acorda rexeitar as ofertas e deixar deserta a licitación.

En consecuencia, e consonte ao acordado, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas OBINSO, OBRAS PARA INTEGRACIÓN SOCIAL e OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL á licitación destinada á implementación do programa municipal de apoio para inclusión social CON/26/2018, xa que as súas propostas técnicas non se axustan aos requirimentos dos pregos de aplicación, deixando, en consecuencia, deserta a licitación, xa que foron estas as únicas dúas recibidas.

Así mesmo, procede liberar o crédito reservado á financiación deste contrato imputado á aplicación orzamentaria 020 23100 22706: anualidade 2019: 60.781,92 euros/ anualidade 2020: 41.091,04 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes rexeitar as ofertas presentadas polas empresas OBINSO, OBRAS PARA INTEGRACIÓN SOCIAL e OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL á licitación destinada á implementación do programa municipal de apoio para inclusión social CON/26/2018, xa que as súas propostas técnicas non se axustan aos requirimentos dos pregos de aplicación, deixando, en consecuencia, deserta a licitación, xa que foron estas as únicas dúas recibidas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG13I0K3	<i>Expediente</i> CON/26/2018	<i>Fecha</i> 12-03-19 13:17

Así mesmo, acórdase liberar o crédito reservado á financiación deste contrato imputado á aplicación orzamentaria 020 23100 22706: anualidade 2019: 60.781,92 euros/ anualidade 2020: 41.091,04 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández



